

DESCRIPCIÓN DOS XOGOS



- *O xogo da procura do tesouro:*

Trátase dun xogo para 4 participantes. Precisarédes imprimir ou debuxar o taboleiro e as tarxetas que atoparedes no documento adxunto “a procura do tesouro”

Cada participante escolle un pirata e se sitúa diante. As tarxetas déixanse boca abaixo sobre a mesa. Cada xogador, por quendas, tomará unha tarxeta e a colocará no taboleiro no lugar que máis lle conveña para chegar ata o cofre do tesouro que está no centro.

¿Quen será o gañador? Se tedes unhas moediñas de chocolate podedes facer que son o tesouro e, en cada partida, poden ser o doce premio que leve o gañador.

- *O xogo do tres en raia pirata:*

O xogo tradicional convértese nun xogo de piratas mudando as fichas polos debuxiños destas personaxes. Atoparedes os útiles para o xogo no documento “Tres en raia”.

- *“Somos piratas”:*

Neste xogo, dispoñemos duns paneis que simulan o tradicional “Afundir os barcos” e dunhas moedas que empregaremos para escribir unhas palabras que trataremos de adiviñar. Sobre o taboleiro, cada xogador deberá escribir as súas palabras-tesouro no apartado “meus tesouros” (unha letra en cada casilla, en vertical ou horizontal). En cada xogada, deberá preguntar: - ¿tes unha letra na casilla 45?. Se hai unha letra, o xogador contrario indicará que letra é. A idea é adiviñar de qué palabra se trata. No caso de que o consigades, gañaredes ese tesouro.